



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 17 DE OUTUBRO DE 2013

LICENZAS

LIC/1235/2010.- MARÍA DEL CARMEN SUÁREZ LIÑARES.- Conceder licenza para derruba de edificio en rúa Pastoriza, 12.

LIC/2059/2012.- MIGUEL GARCÍA BARREIRO.- Conceder licenza para rehabilitación de edificio entre medianeiras para dúas vivendas e dúplex na rúa Campo do Cruceiro do Gaio, 14.

LIC/317/2013.- RAMÓN JESÚS VALDÉS GRAÑA.- Conceder licenza para reparación de piso, cambio de ventanas e portas en Raxoi, 18.

LIC/699/2013.- MANUEL MARTINEZ LADO.- Conceder modificación da licenza outorgada na Xunta de Goberno da Cidade na sesión 18/07/2013, para execución de dúas ramplas de acceso á vivenda unifamiliar e modificación de peche da finca sita na rúa Muros, 128.

LIC/743/2013.- HOSPITAL NUESTRA SEÑORA DE LA ESPERANZA, S.L.- Conceder licenza para melloras en muro de pedra existente, no edificio Sanatorio de Nuestra Señora de la Esperanza, na avenida Burgas, 2.

LIC/935/2013.- NOVA ASECONIA SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA.- Conceder licenza para rehabilitación da cuberta do edificio en rúa Entremuros, 6.

OBRA E APERTURA

LIC/1177/2013 e LAP/362/2012.- TALLERES UZALVI, S.L.- Conceder licenza de legalización de actividade en nave destinada a taller de reparación de vehículos en Vía Isaac Peral, 36

LIC/2210/2004 e LAP/279/2012.- TALLERES CECASTAR AUTOMOCION, S.L. en constitución.- Conceder licenza de acondicionamento e apertura de taller de reparación de vehículos en Vía Edison, 33.

DEVOLUCIÓNS DE FIANZA

LIC/1322/2013.-LOCALES ACTIVIDADES Y EXCLUSIVAS COMERCIALES, S.A.... LAP/284/2010
... 2.000 €

4.- Desestimación recurso especial en materia de contratación interposto na licitación do Servizo de conserxería e limpeza de varias instalacións deportivas municipais

A XGL aprobou desestimar o recurso presentado pola empresa SERMASA en relación á adxudicación do Servizo de limpeza de varias instalacións deportivas municipais. Este recurso desestímase a proposta do Concelleiro de Deportes e á vista do informe do Servizo de Contratación e do Departamento de Deportes no que se mantén que a empresa adxudicataria LACERA tiña destinados fondos suficientes para os salarios do persoal en relación ao convenio que o regula.

5.- Proposta do concelleiro delegado de Centros Socioculturais relativa á prórroga do contrato de aluguer do local utilizado como centro sociocultural no barrio do Romaño.

A proposta do concelleiro de Centros Socioculturais a XGL aprobou prorrogar o contrato de aluguer do local sito na rúa Torreira 18 e que é utilizado polo Concello como centro sociocultural no barrio do Romaño. O custe anual deste alugueiro será de 5.305,08 €.

6.- Dar conta da aprobación da documentación xustificativa da subvención concedida ao Concello pola Deputación Provincial da Coruña destinada a actividades dos centros socioculturais do ámbito rural para o ano 2013.

Deuse conta do escrito da Deputación no que se acepta a documentación xustificativa remitida polo Concello respecto da subvención para Programas dos CSC do ámbito rural do ano 2012 por un importe de 179.569,59 €.

8.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda, Rehabilitación e Cidade Histórica relativa a corrección de erro no acordo nº 21 de data 27.12.2012.

A corrección aprobada é que se recolla correctamente o apelido dun cidadán que solicitata unha axuda á rehabilitación.

9.- Proposta do director da Área de Urbanismo e Infraestructuras relativa á aprobación do proxecto de rede de parques biosaudables no medio rural.

A XGL aprobou este proxecto co que se pretende establecer un parque biosaudable dotado de 3 máquinas de exercicio en cada unha das 21 parroquias do ámbito rural de Santiago de Compostela. O conxunto formará unha rede de espazos de actividade física saudable da que poden beneficiarse todo tipo de públicos.

10.- Proposta da concelleira delegada de Persoal relativa ao aboamento de horas extraordinarias/gratificacións por servizos extraordinarios.

Aprobouse abonar 1.663,80 € en horas extras de persoal de administración máis 392, 65 € en custos de Seguridade Social.

11.- Dar conta do aboamento ao Concello pola Deputación Provincial da Coruña da subvención correspondente ao convenio para facilitar os procesos de erradicación do chabolismo ou infravivenda.

Deuse conta do aboamento da subvención de 30.000 € da Deputación da Coruña para o convenio para facilitar os procesos de erradicación do chabolismo ou infravivenda.

URXENCIAS

1.- Proposta da concelleira delegada da área de Servizos Sociais relativa á aprobación do convenio de colaboración entre o Concello e a Asociación Galega de Lupus (AGAL). 1.740,30 euros.

2.-Dar conta de convenios de colaboración con diversas entidades para o financiamento das festas da Ascensión 2013.

3.- Dar conta da concesión dunha subvención do Ministerio de Emprego ao concello para a realización do proxecto PACTO LOCAL POLO EMPREGO DE SANTIAGO. Importe: 101.797,11.

4.- Proposta do concelleiro delegado de Tráfico relativa á convalidación de facturas.

5.- Obras de reurbanización da Costa de San Clemente-Travesía de Fonseca. 20.312,34 euros.

6.- Proxecto de equipamento,paseo literario no parque da Alameda. 1.800 euros.

7.- Colocación de varandas nas escaleiras das rúas Raxoi, Arco do Pazo e Vía Sacra promovidas polo Concello. 8.500 euros

8.- Proxecto de reordenación do entorno do Campiño de San Francisco e Costa Vella. 12.359,69 euros.

9.- Adxudicación das obras de ampliación da rede de saneamento no lugar de Silvouta,incluídas no POS 2013 da Deputación Provincial de A Coruña á empresa CIS España por importe de 20.650 euros.

10.- Adxudicación das obras de mellora e acondicionamento de viais na parroquia de Sabugueira ,incluídas no POS 2013 da Deputación Provincial de A Coruña. Empresa Oviga. 70.000 euros.

11.- Adxudicación das obras de ampliación da rede de abastecemento e saneamento no lugar de Lavacolla (Sabugueira) incluídas no POS 2013 da dEputación provincial de A Coruña.Oviga. 40.520 euros.

12.- Adxudicación das obras de mellora e acondicionamento de viais na parroquia de Marantes,incluídas no POS 2013 da Deputación Provincial de A Coruña. Empresa Antonio Filloi. 37.387 euros.

13.- Adxudicación das obras de mellora e acondicionamento de vial no Eixo (San Cristovo),incluídas no POS 2013 da Deputación Provincial de A Coruña.Oviga. 23.920 euros.

14.- Adxudicación das obras de mellora e acondicionamento de viais na parroquia de Bando,incluídas no POS 2013 da Deputación de A Coruña. Oviga. 38.813 euros.

15.- Adxudicación das obras de mellora e acondicionamento de vial en frades (A Barciela),incluídas no POS 2013 da Deputación Provincial de A Coruña. Empresa Antonio Filloi. 31.097 euros.

16.- Aprobación do prego de cláusulas administrativas particulares,gasto e adxudicación do contrato de acordo de licenciamiento do ELA SMALL GOVERNMENT ESRI para o Concello de Santiago.

17.- Aprobación do expediente de contratación e subministro de equipamento para a área infantil e mellora do axardinamento da praza de Galicia por importe de 124.144, 70 euros.

18.- Aprobación do expediente de contratación e subministro de equipamento para a área infantil e mellora do axardinamento da praza de Vigo por importe de 123.478,61 euros.